

PROTOCOLO DE USO DA BIBLIOTECA BREA SEGADE

CURSO 2020-2021

1. ACCESOS

- A **porta da esquerda será a porta de acceso** e a **porta da dereita a porta de saída** da BBS. Ambas portas estarán debidamente sinalizadas.
- Para acceder á biblioteca será **obligatorio levar máscara e facer uso do xel hidroalcohólico** situado na porta de acceso. Farase uso igualmente do xel hidroalcohólico situado na porta de saída antes de abandonar a biblioteca.
- O alumnado só accederá á biblioteca cando estea acompañado dunha mestra/e.
- Cada grupo, fará **uso da biblioteca un día á semana** (ver horario) en horario de **recreo e nunha sesión de clase** coa súa titora. No día correspondente cada grupo, se quere ou precisa, pode facer uso da biblioteca máis dunha sesión.
- Por cuestións organizativas o alumnado de 2º e 4º usará a biblioteca o mesmo día. No recreo usará a BBS a aula de 4º e as sesións de biblioteca serán a 2º e 5º hora da mañá respectivamente.

2. CONSULTA E USO DE RECURSOS EN SALA

- Durante os recreos **cada aula** poderá usar, previa desinfección de mans e mantendo as distancias establecidas, unha **escolma de materiais** que non será empregada por ningún grupo durante o resto da semana e que **se desinfectará ou manterá en corentena** durante un mínimo de 48 horas, unha vez finalizado o recreo.
- O alumnado poderá usar os **ordenadores e tablets** da biblioteca nos lugares establecidos, previa limpeza de mans. Ao remate do recreo realizarase a

desinfección destes recursos e a **ventilación** da biblioteca durante un mínimo de 15 minutos.

- A atención do uso da biblioteca e os seus recursos durante o recreo correrá a cargo dos membros do equipo de biblioteca.

3. PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓN

- Realizaranse préstamos ás aulas dos **itinerarios lectores** e dos fondos que as titoras consideren necesarios para ofertar ao alumnado na Hora de Ler e ao longo da xornada lectiva. Os préstamos e devolucións de aula serán realizados pola coordinadora de biblioteca.

- **Cada titora realizará o préstamo e devolución** de fondos do seu alumnado na **hora de biblioteca** que cada curso ten asignada.

- Os fondos devoltos, tanto de préstamo individual como de aula, pasarán a estar en **corentena durante un mínimo de 24h nunha caixa pechada** situada para tal fin debaixo do caixón de devolucións.

- Pasado o período de corentena, o equipo de biblioteca repoñerá os fondos aos andeis.

4. LIMPEZA E VENTILACIÓN

- Levarase a cabo a **ventilación** da biblioteca durante un mínimo de 15 minutos: **a comezo e final da mañá, antes e despois do recreo e despois do uso da biblioteca por parte das titorías.**

- Levarase a cabo a desinfección de todos os postos e recursos da biblioteca despois de ser usados por un alumno/a ou profesor/a, antes de ser usados por outros/as.

- Todas as superficies que o permitan serán desinfectadas cos produtos empregados no centro para tal fin. En caso de non poder realizarse a desinfección procederase a deixalos apartados en corentena, en caixas pechadas, durante un mínimo de 24 horas.
- Levarase a cabo a limpeza e desinfección xeral da biblioteca unha vez ao día.

4. RADIO ESCOLAR

- Potenciarase o uso da radio por parte das titorías como recurso de creación e difusión, coordinado desde o equipo de biblioteca.
- O aforo máximo permitido no estudo de radio será de **catro persoas** (dúas nos micrófonos e dúas na mesa de control), mantendo as normas xerais dos protocolos do centro: grupos de convivencia, uso de máscara, desinfección de mans, distancia de seguridade e ventilación.
- Estableceuse unha hora semanal de dinamización da radio a cargo dun membro do equipo de biblioteca para garantir a participación de todas as titorías do centro.

5. DINAMIZACIÓN, DIFUSIÓN E RELACIÓN COAS FAMILIAS

- Potenciarase o uso dos **recursos non presenciais** na dinamización e difusión das propostas e actividades: blog, Plataforma Elbe2, páxinas de recursos, canais de vídeo, podcasts, correo electrónico, videoconferencias...
- Valorarase a apertura da BBS para familias en horario de tarde en función da evolución da pandemia e á vista do funcionamento do protocolo de uso da biblioteca en horario lectivo.

6. ACTUALIZACIÓN DO PROTOCOLO

- O protocolo será revisado e actualizado en función da evolución da pandemia, das posibles modificacións nas instrucións enviadas polas autoridades educativas e sanitarias e da avaliación sobre o funcionamento do mesmo, realizada polo claustro e o equipo de biblioteca.



HORARIO BBS - Curso 2020- 2021

Hora	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:25-10:15				RADIO BBS José Luis	1º
10:15-11:05	4º	5º			
11:05-11:55	BIBLIOTECA Lola e Cova	BIBLIOTECA Alma e Cova	BIBLIOTECA Cova		BIBLIOTECA Cova
11:55-12:25	RECREO 4º	RECREO 5º	RECREO 6º	RECREO 3º	RECREO 1º
12:25-12:45	HORA DE LER				
12:45-13:35	BIBLIOTECA Alma	BIBLIOTECA Alma	6º	3º	
13:35-14:25	2º	BIBLIOTECA*	BIBLIOTECA*		